

C R I T I C O S

AS IMAGENS
E AS PALAVRAS

Excmo. Sr. Rector Magnífico: D. Luis Espada Recarey

Ilma. Secretaria Xeral: Dª Luisa Blanco Rodríguez

Adxunta de Actividades Culturais: Dª Paloma Cabello Pérez

COMISARIO DA EXPOSICION

X. Luis García Canido

DESEÑO E COORDENACION DA MONTAXE

Xosé G. Teiga

Roberto Treviño

X. Luis García Canido

TRANSPORTES

Routier

DESEÑO CATALOGO

Roberto Treviño (986) 85 79 13

Xosé G. Teiga

FOTOGRAFIA

Eduardo Castro

TRADUCCION E REVISION LINGÜÍSTICA

María Xosé Rial Conde

Cristina Nogueiras Ezquerro

IMPRIME:

Gráficas Anduriña

Dep.Legal PO-248-93

MEMORIA TECNICA

Papel interior estucado mate 140 g/m vexetal 80 g/m

Papel portada estucado mate 310 gr/m

Tipografía

Futura extra bold/Bodoni bold/Franklin gothic bold/Franklin gothic

AGRADECEMENTOS

A Universidade de Vigo e o Comisario da mostra agradecen a súa colaboración ás seguintes persoas e entidades:

En primeiro lugar, ós artistas e ós críticos, polo seu entusiasmo e dedicación desinteresada que puxeron neste proxecto.

A Xosé G. Teiga e Roberto Treviño, pola súa axuda dende o comenzo.

Gracias tamén a María Xosé Rial e Cristina Nogueiras, Eduardo Castro, Galería Ad Hoc, Carpintería Silvino Cespón e a Gráficas Anduriña.

INDICE

Páx.

X. Luís García Canido	Proxecto dialéctico	10
Antón Castro	A arte como espacio totalizador	13
Xosé Freixanes	Arredor das imaxes e as palabras	14
Manolo Vilariño	A arte da sombra	15
Antón Sobral/Carmen Hermo	Silencio	20/21
Xavier Seoane/Manuel Vilariño	O óso	26/27
Juan de Nieves/Isaac Pérez Vicente	Dramaturxia	32/33
Alberto González- Alegre/Simón Pacheco	Anónimo e falso	38/39
X. Luís García Canido/Xosé Freixanes	Viaxes	44/45
Camilo Franco/Miguel Mosquera	Fósiles	50/51
Miguel Fernández-Cid/Manuel Moldes	Espacios	56/57
Ignacio Castro/Menchu Lamas	Cambio	62/63
Antón Castro/Enrique Velasco	Hierofanías	68/69
Bernardo Castelo/Carmen Chacón	Espacios solidarios	74/75
Traduccións		81/85

**CARMEN
HERMO**

ANTONIO SOBRAL

SILENCIO

SILENCIO DE TITANIO

SILENCIO UN. Desde hai bastantes anos a comprensión da arte contemporánea segue a ser difícil para parte dun público cada día máis numeroso. Esta falta de entendemento converte a creación en algo de "minorías". A inintelixibilidade intrínseca e o descoñecemento do proceso creativo provocan un silencio no espectador, un posicionamento conceptual e reflexivo, nunha sociedade ategada de "ruidos" insoportables e baleiros.

SILENCIO DOUS. O silencio non é neutral. A incapacidade do público para se adentrar na obra que observa ás presas, tamén é consecuencia da vontade do artista actual de cortar todo posible diálogo entre a obra creativa e o espectador mirón. Convertendo así a arte nun exercicio de ascetismo e de interiorización persoal máis que nunha expresión emocional.

SILENCIO TRES. Hai tamén un silencio que nos tempos que corren é preocupante. O silencio de moitos intelectuais diante dos acontecementos mundiais, diante das inxustizas no seu país. Os medios de comunicación bombardéannos diariamente con constantes masacres, continuos asasinatos e violacións, e os pensadores, filósofos e artistas permanecen mudos. Este silencio cómplice evidénciase nunha falta de compromiso coa sociedade, co seu país, aceptando as máis vergoñosas inxustizas.


SILENCIO CATRO. "O meu estudio é o meu laboratorio, alí onde traballan e evolucionan as ideas", escribe Carmen Hermo. "O progreso das ideas nace case sempre do descubrimento de relacións insospetadas; este xogo é algo que non precisa horario nin inspiración, algo continuo que flúe. Pero unha vez dentro do estudio; este fluír transparentase cara ó exterior, máis que transparentarse transloce, pero como un fin en si mesmo, como obra de arte. Non se trata dunha traducción de ideas a "códigos" plásticos. É unha continuación, un transparentarse dese xogo de asociacións que logo dun intento de transformación a unha linguaxe preexistente, se deixa fluír a través do suxeito soamente condicionado por si mesmo.

Todo isto é posible gracias a eses contados intres de silencio nos que o oculto, o misterioso, o que a penas resulta audible en condicións normais, evidénciase gracias a esa interiorización", agrega Carmen Hermo.

SILENCIO CINCO. Escribiu Kierkegaard: "Todos os que saben permanecer en silencio chegan a ser fillos dos deuses, pois é estando en silencio como nace a conciencia da nosa orixe divina. Os charlatáns nunca han ser máis que homes".

SILENCIO SEIS. Un circo branco. Un territorio desértico. Un xogo de azulexos. Signos-natureza que se repiten. Fraxilidade aparente. Rotundidade. silencio creativo. Texturas da sensibilidade. Delicadeza enigmática. O silencio que se atopa alén da verba, da cor, da liña. Silencio visible, audible. Silencio voluntario, silencio tolo. John Cage insiste: "Non existe iso que chamamos silencio. Sempre ocorre algo que produce un son". Sen embargo queremos ollar, escoitar ese silencio. O silencio no outono do poeta ruso Evgueni Evtuchenko: "algo me aconteceu, ó parecer / só me fio do silencio / co que van as follas, unha a outra cubríndose / e converténdose en terra silenciosamente".

SILENCIO SETE. O principio non foi o verbo, foi o silencio.



Silencio blanco

Panos de mesa de papel, tinta e pintura ó aceite.
35 pezas de 29x29
145x203. 1993